




case todos os gatos que fun



Samuel L. París
case todos os gatos que fun
<http://pararaparis.wordpress.com>

case todos os gatos que fun

o gato que editaba antoloxías

fun o gato que editaba antoloxías
e chamei nas portas das poetas
coas miñas gadoupas desgastadas por un país
 de asfalto maldeformado
 de rotondas estúpidas
 e de cambios de sentido
e agardaba que as poetas colaborasen na miña recompilación
con algún texto que a partise
e que abrise a alma en oito

pero non me atendían

non me facían puto caso
e creo que todo foi
porque sempre fun un gato
e non un señor aburrido
ou unha señora aburrída
que aínda cre na poesía

o gato que non quixo reinar

todas as circunstancias
ESTRAÑAS POR OUTRA PARTE
se deron para que finalmente
eu
puidese reinar

eu
que era un gato normal
un gato europeo
podía reinar e ter vasalos
e falar con presidentas
e navegar acompañado de escoltas e militares

pero que va

ao final nada

o gato pintor

que un gato pintase
sorprendía a algunhas persoas
sobre todo aos xapos
que son uns flipados dos gatos

pero eu non pintaba bodegóns
nin paisaxes

eu recreaba as capas dos discos de slipknot

había quen dicía que fóra unha casualidade total
que eu

como gatiño
tivese ido pisar un par de acuarelas
e que me coincidise de pintar
con detalle
nuns folios que había ciscados polo chan
cada unha das capas dos álbums de slipknot

si que era casualidade

despois quixen repetir o asunto
cos discos de slayer
e foi un cristo

moi mal

o gato que fixo a declaración da renda

fun o gato que fixo a declaración

na axencia tributaria aínda están buscando o funcionario que a tramitou

tremendo imbécil

o gato que fazia comentários patéticos

—miau
—umha análise atinada
embora extemporânea
difusa e dispersaⁱ

o gato que reformulou o capitalismo

alí me presentei

na reunión do fondo monetario internacional

dispoñía de tres minutos para a miña intervención
e non estaba disposto a perder tempo

a audiencia permanecía atenta

estarriqueime
e comecei a lamberme a colloada

son un gato

que hostias esperaban que fose facer?

o gato que odiaba o palm mute

vale que era un felino doméstico
mais

con todo
o meu cerebro estaba o suficientemente desenvolto
para desprezar todos eses inicios de canción do que chaman rock estatal
co puto palm mute

a onde pensarán que van?

pfffff...

espabilade!

se non tivese unhas gadoupas e puidese tocar a guitarra...

ben
ao mellor se puidese tocar a guitarra si que empregaba o palm mute nalgún tema

pero vamos

que vós non

o gato que falaba como os cans

houbo un tempo no que fun un gato
que falaba como os cans

e dinme conta de que se falaba como un gato
podería falar cos gatos e tamén cos cans

o gato ao que lle dicían que era demasiado gato para ser un gato

como gato
pechaba a miña esencia no meu entredentro
e un non podía ser un mesmo de máis

e un tiña que facer as cousas que un tiña que facer

só era un gato
sendo un gato aprendendo a selo

o gato que viu internet enteiro

paseime horas e horas de snacks
cigarros
e garimbas
diante do ordenata

e vin internet enteiro

e houbo tres partes que non entendín moi ben

a dos vídeos de gatos (i?)
a do ciberactivismo (i?)
a da prensa plural (i?)

o gato que facía o que dicían na radio

fun un gato que se considerou demócrata
e condenei a violencia que non viña do poder
e fun o gato que tiña unha postura sobre os asuntos de actualidade
e fun o gato que defendía o papel da policía do exército dos políticos
porque as ideas hai que defendelas atendendo ao marco legal actual
porque a constitución que tanto traballo nos custou sacar adiante
porque a igrexa isto
porque o mercado isto outro

e xa non son aquel gato
e
realmente
creo que nunca fun tal

hai gatos que merecen o atropelo mortal
na estrada comarcal

o gato que sinalaba os elefantes

fun o gato que sinalaba os elefantes
para desesperación dos meus compañeiros de cela
que sabían que non existían os elefantes
cando es un gato e nin tes consciencia da túa propia existencia

ⁱ Este comentario foi tirado, aleatoriamente, dunha nova de Praza Pública.